



Nº EXPEDIENTE: 2024/SUBDIREC/000034

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA Á FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO POLA ORGANIZACIÓN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DAS ACTIVIDADES DE ÁMBITO NACIONAL COPA DE ESPAÑA SPRINT OLÍMPICO, COPA DE ESPAÑA CADETE SPRINT, CAMPIONATO ESPAÑA NOVAS PROMESAS SPRINT, CAMPIONATO DE ESPAÑA MARATÓN CORTO E COPA DE ESPAÑA DE MARATÓN, TORNEOS NACIONAIS KAYAK POLO

RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Federación Galega de Piragüismo (NIF G36040764) presentou o 16.09.2024 un escrito con número de rexistro 2024040260 no que solicita unha axuda económica de vinte e dous mil euros (22.000,00 €) con motivo da organización dos eventos de ámbito nacional seguintes: Copa de España sprint olímpico, Copa de España cadete sprint, Campionato España novas promesas sprint, Campionato de España maratón corto e Copa de España de maratón, Torneos nacionais kayak Polo.

2.- Á vista da solicitude que formula a entidade interesada, a Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía emite unha memoria xustificativa na que dispón, entre outros extremos, o inicio do expediente de outorgamento da subvención solicitada, tendo en conta que no Orzamento Xeral do Concello para o ano 2024 existe unha partida para tal fin.

3.- A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 014 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I da actualización do PES para o ano 2024 (aprobada a través do Decreto de Alcaldía do 26/03/2024), pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2023-2025 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

4.- Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de deportes.

5.- Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 23.09.2024.

6.- Incorpórase ao expediente informe da dirección do servizo de deportes para a corrección da porcentaxe subvencionable que consta no informe proposta de aprobación da conta xustificativa.

7.- A Intervención Xeral, con data 19.06.2024, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda.





2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.

4.- A Federación galega de piragüismo acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

5.- Os eventos deportivos para os que se solicita a subvención son probas de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, polo nivel deportivo das probas, así como pola promoción do deporte de base, do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración destes eventos na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da actividade física e deportiva e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de competicións dun destacado nivel deportivo, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión das probas e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que a actividade teña un importante retorno económico para a veciñanza, poñendo en valor a imaxe de Pontevedra como escenario dunha proba deportiva de alto nivel.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo de vinte e dous mil euros (22.000,00 €), con motivo da organización dos eventos de ámbito nacional Copa de España sprint olímpico, Copa de España cadete sprint, Campionato España novas promesas sprint, Campionato de España maratón corto e Copa de España de maratón, Torneos nacionais kayak Polo . A relevancia das actividades deportivas sinaladas, así como as anteditas razóns de promoción do deporte, especialmente o deporte de base, e da difusión da imaxe da cidade xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe das actividades.

6.- A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 17.09.2024 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais, á, Federación Galega de piragüismo (NIF G36040764), para apoiar a organización dos eventos de ámbito nacional seguintes: Copa de España sprint olímpico, Copa de España cadete sprint, Campionato España novas promesas sprint, Campionato de España maratón corto e Copa de España de maratón, Torneos nacionais kayak Polo por importe de vinte e dous mil euros (22.000,00 €), nos termos previstos na memoria da Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e no convenio regulador da axuda.





A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de vinte e dous mil euros (22.000,00 €), en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación núm.	Importe
2024.05.3410.489.06	12024000041562	22.000,00 €
Total		22.000,00 €

Terceiro.- Aprobar o texto de convenio regulador da subvención redactado por este servizo xestor que se incorpora ao expediente como anexo a presente resolución con CSV. 59FGNFDMK0A125MF.

Así o manda e asina a concelleira da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

